



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Patoloxía Podolóxica II	Código	750G02120	
Titulación	Grao en Podoloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Rosende Bautista, Carolina	Correo electrónico	carolina.rosende@udc.es	
Profesorado	Pérez García, Sergio	Correo electrónico	sergio.perez.garcia@udc.es	
	Rosende Bautista, Carolina		carolina.rosende@udc.es	
Web	https://campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	<p>A Materia Patoloxía Podolóxica 2, enmárcase dentro do módulo de Patoloxía Podolóxica e Tratamentos ortopodolóxicos, físicos e farmacolóxicos. Trátase dunha materia do 1º cuatrimestre do 3º curso e nela desenvolveranse coñecementos relacionados cos procesos patolóxicos sistémicos e específicos do pé ademais revisaran se as principais características fisiolóxicas e patolóxicas na idade infantil así como na idade xerátrica.</p> <p>A abordaxe do estudo as diferentes patoloxías e afeccións realizarase desde o punto de vista clínico e funcional, integrándose deste xeito o estudo da semioloxía das patoloxías podolóxicas e as manobras de exploración física así como o uso e interpretación de probas complementarias nos diferentes procesos patolóxicos do pé.</p> <p>A práctica da materia desenrolarse no medio clínico para introducir ó alumnado na práctica da atención clínica podolóxica e na realidade do proceso diagnóstico.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A100	CE36 Coñecer e diferenciar, segundo os parámetros clínicos, os procesos patolóxicos do pé, as afeccións estruturais e funcionais do aparello locomotor, as patoloxías de membro inferior e os procesos sistémicos con repercusión podolóxica
A103	CE39 - Coñecer e desenvolver as técnicas de exploración, para emitir un diagnóstico e prognóstico, e deseñar o plan de tratamento ortopodolóxico de acordo aos obxectivos terapéuticos
A105	CE41 -Coñecer, diagnosticar e tratar as patoloxías do pé: Traumatismos óseos e músculo-ligamentosos, patoloxía de antepe e retropé, deformidades conxénitas e adquiridas, lesións neurolóxicas, Amputacións e Asimetrías
B24	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B25	CB3 -- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B27	CB5 -Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B28	CG01 - Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos e metodolóxicos da Podoloxía e Podiatría
B29	CG02 - Coñecer a estrutura e función do corpo humano en especial da extremidade inferior, semioloxía, mecanismos, causas e manifestacións xerais da enfermidade e métodos de diagnóstico dos procesos patolóxicos médicos e cirúrxicos, interrelacionando a patoloxía xeral coa patoloxía do pé.
B30	CG03 - Obter a capacidade, habilidade e destreza necesarias para diagnosticar, prescribir, indicar, realizar e/ou elaborar e avaliar calquera tipo de tratamento podolóxico, ortopodolóxico, quiropodolóxico, cirurxía podolóxica, físico, farmacolóxico, preventivo e/ ou educativo, baseado na Historia clínica
B31	CG04 -Adquirir unha experiencia clínica adecuada en cada un dos contidos podolóxicos, levados a cabo en Centros acreditados para a formación universitaria de Podoloxía, fomentando a interrelación e comunicación eficaz con pacientes, familiares, e membros do equipo multidisciplinar



B36	CG09 -Valorar de forma crítica a terminoloxía, ensaios clínicos e metodoloxía utilizados na investigación relacionada coa podoloxía
B39	CG12 -Capacidade para a cooperación, o traballo en equipo e a aprendizaxe colaborativo en contornas interdisciplinares
C9	CT01 - - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C10	CT02 -Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro
C15	CT07 - Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sustentable ambiental, económico, político e social
C16	CT08 - V- Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
C17	CT09 -Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Iniciarse no proceso de atención clínica na podoloxía, aplicación guiada das aptitudes necesarias para realizar unha anamnesis clínica, unha exploración clínica e a aproximación ó proceso diagnóstico en situacións reais.	A100 A103	B24 B25 B28 B29 B30 B31 B39	C9 C15 C16 C17
Recoñecer as patoloxías óseas, musculares, articulares , ligamentosas, vasculares e neurolóxicas do pé, identificando os parámetros clínicos patolóxicos das afeccións estruturais e funcionais en decúbito, bipedestación estática e dinámica.	A100 A105	B24 B25 B27 B28 B29 B30 B36	C9 C10 C16
Recoñecer e identificar os procesos patolóxicos do pé e sistémicos con repercusión podolóxica.	A100 A103 A105	B25 B28 B29 B30 B36	C9 C10 C16 C17
Recoñecer as patoloxías que afectan ó pé, identificándoas polas características e os signos da exploración clínica e probas complementarias. Aprender o manexo terapéutico das patoloxías do pé.	A103 A105	B25 B29 B30 B39	C9 C16 C17

Contidos	
Temas	Subtemas
1.Patoloxía del tejido óseo. Fracturas. Tumoraciones. Reconocimiento y manejo terapéutico	
2.Patoloxía de la articulación Tibioperonea astragalina .Reconocimiento y manejo terapéutico	
3. Patoloxía de Retropié: Alteraciones óseas, neurológicas y musculares. Reconocimiento y manejo terapéutico	
4. Patoloxía antepié, Alteraciones óseas, neurológicas y musculares. Reconocimiento y manejo terapéutico.	
5. Patoloxía de Primer Radio. Reconocimiento y manejo terapéutico.	



6. Alteraciones reumatológicas del Pie: Reconocimiento y manejo terapéutico	
7. Alteraciones vasculares del Pie: reconocimiento y manejo terapéutico.	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Prácticas clínicas	A100 A103 B24 B25 B28 B30 B31 B39 C9 C15 C17	9	9	18
Sesión maxistral	A103 A105 B25 B27 B28 B29 B36 C9 C10 C16	21	9	30
Seminario	A105 B25 B27 B28 B36 B39 C9 C10 C15 C16 C17	6	18	24
Proba mixta	A100 A103 A105 B25 B27 B28 B29 B30 B36 C9 C10 C16 C17	2	44	46
Estudo de casos	A100 A103 A105 B24 B25 B28 B29 B30 C9	8	24	32
Atención personalizada		0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	As prácticas da materia realizaran se na Clínica Universitaria de Podoloxía, situada no Hospital Naval pertencente ó CHUF. Durante as 9h de practicas da materia o alumnado iniciará o seu contacto co entorno clínico da exploración biomecánica e diagnóstico podolóxico. Realizaranse as prácticas nun entorno clínico real pero o alumnado estará sempre acompañado e supervisado polo profesorado da materia
Sesión maxistral	Presentación oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgúns preguntas dirixidas ao alumnado, co fin de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral étámen coñecido como charla, método expositivo ou lección maxistral. Esta última modalidade pode reservarse para un tipo lección especial impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que implica unha elaboración orixinal e baseado no uso case exclusivo da palabra como medio de transmisión de información á audiencia.
Seminario	Actividade formativa orientada á aplicación da aprendizaxe, na que se desenvollen diversas metodoloxías e probas, mediante as cales o alumno desenvolve tarefas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado. Será optativa asistencia a seminarios presenciais para todos os alumnos . As actividades de seminario serán realizadas nas instalacións da Facultade de Enfermaría e Podoloxía. O contidos dos seminarios serán tratados como materia do temario.
Proba mixta	Proba mixta que consistirá nunha combinación de preguntas de resposta obxectiva (test) e preguntas de resposta aberta sobre cuestións específicas da materia, entre as cales se poderá incluír resolución de casos clínicos. Esta proba está orientada á demostración por parte do alumnado da adquisición dos coñecementos teóricos básicos expostos e debatidos nas sesións maxistrais e os seminarios, e que compoñen os contidos do temario.



Estudo de casos	<p>Metodoloxía na que o suxeito se enfronta á descrición dunha situación específica que suscita a problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto de xeito individual ou por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O estudante enfróntase ao problema concreto, que describe unha situación real na vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referíndose a un determinado campo de coñecemento ou acción, para chegar a unha decisión razoada despois dun proceso de discusión en pequenas dimensións.</p> <p>Será obrigatoria (agás a presentación da certificación médica) a asistencia ás sesións de estudos de casos presenciais para todos os alumnos a excepción dos alumnos de matrícula parcial que deberán realizar as actividades propostas polo profesorado da materia.</p> <p>Realizaranse traballos sobre os casos das sesións presenciais que serán entregados de xeito obrigatorio por todos os alumnos da materia (Entregas no campus virtual)</p>
-----------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Prácticas clínicas Sesión maxistral Seminario	<p>O alumnado disporá de atención persoalizada durante as sesións presenciais de prácticas e estudos de casos.</p> <p>Ademáis o profesorado da materia porá a súa disposición o horario de titorias para tratar todos os temas relacionados coa materia que precisen.</p> <p>O alumnado contactará co profesorado da materia para concertar as datas e horarios das sesións de atención persoalizada que poderán ser individuais ou en grupo e manterse de xeito presencial ou virtual.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A100 A103 A105 B24 B25 B28 B29 B30 C9	<p>A entrega de actividades realizarase na Plataforma Moodle a entrega e obtención do 50% da calificación das mesmas será obrigatoria para superar a materia.</p> <p>As actividades propostas computarán un 8% da calificación final da materia.</p> <p>O alumnado de matrícula parcial deberá entregar as actividades e obter o 50% da puntuación que nestos casos será o 10% da puntuación total da materia.</p> <p>Na proba mixta incluíránse dous casos que o alumnado debe resolver de forma individual e obter o 50% da puntuación da mesma para superar a materia. A proba de estudo de caso computará un 12% da puntuación final da materia.</p> <p>En segunda oportunidade e oportunidade adiantada de non ter entregadas e superadas as actividades no curso anterior os casos a resolver na proba mixta final computarán o 20% da calificación final da materia sendo obrigatorio acadar unha puntuación mínima de 13 puntos.</p>	20
Prácticas clínicas	A100 A103 B24 B25 B28 B30 B31 B39 C9 C15 C17	<p>Asistencia obrigatoria ao 100% das prácticas para todo o alumnado en calquera modalidade de matrícula. Na cualificación das prácticas clínicas terase en conta a aplicación dos coñecementos á práctica, especialmente os relacionados coa exploración e análise podolóxico.</p>	10



Proba mixta	A100 A103 A105 B25 B27 B28 B29 B30 B36 C9 C10 C16 C17	Proba escrita na que poderanse combinar preguntas de resposta obxectiva tipo resposta múltiple, ordenación ou relación de contidos, con preguntas de resposta aberta orientadas estas últimas á resolución de cuestións relacionadas con aspectos clínicos (diagnóstico, tratamento, etc.) de afeccións podolóxicas estudadas na materia. A puntuación das preguntas desta proba especificarase na normativa do exame, tendo en conta que o alumnado debera superar o 50% das preguntas obxectivas para superar a materia.	70
-------------	---	---	----

Observacións avaliación

Para superar a materia é obrigatorio asistir ás prácticas clínicas e superar (50% do seu valor total) as actividades propostas nos seminarios e casos clínicos así como a proba mixta e os casos clínicos. As cualificacións das prácticas, estudos de casos e os seminarios só computarán na cualificación final se se supera o 50% da cualificación da proba mixta. No caso de non presentarse ou non superar a proba mixta na primeira oportunidade, as cualificacións das prácticas, estudo de casos e os seminarios computarán na segunda oportunidade se se supera nesa oportunidade o 50% da cualificación da proba mixta. A cualificación que figurará no acta en caso de non superar a proba mixta, será a cualificación do exame calculada sobre o 100% da avaliación. En segunda e sucesivas matrículas só computarán as cualificacións das prácticas dos cursos anteriores. O alumnado deberá facer unha proba práctica e superar a proba mixta que inclúe o estudo de casos e materia dos seminarios. A cualificación de Non Presentado outorgarase cando o alumnado non sexa evaluado nalguna das actividades de avaliación continua, sempre que o alumnado realice as prácticas da materia obterá unha cualificación na mesma na primeira oportunidade. A cualificación de matrícula de honra, dado o seu carácter graciable, concederase automaticamente ao alumnado que obteña un 10 na cualificación media da materia. De darse o caso de que haxa máis alumnos/as con esa cualificación que matrículas se poidan outorgar pola cota oficial establecida, convocarase a todos os alumnos/as para a realización dunha proba específica de desempate, que consistirá en unha proba de características similares ás da proba mixta, exame que se fixará en data e hora de acordo cos interesados/as. En caso de non existir ningún alumno/a con cualificación de 10, todo o alumnado que obteña unha cualificación media igual ou superior a 9.5, poderán optar á matrícula de honra previa solicitude ao profesor e mediante a superación da proba anteriormente descrita. No caso de que non existan solicitudes expresadas de opción a matrícula, o profesor se reserva a potestade de otórgalas naqueles casos que, cumprindo o requisito de cualificación media, pudiesen ser merecedores de matrícula pola aptitude e a atitude demostradas durante o desenvolvemento da materia. Alumnado en matrícula parcial: O alumnado en matrícula parcial que obteña a dispensa académica debe de comunicalo obrigatoriamente ao profesor responsable da materia ao comezo do curso. Para este alumnado é obrigatorio ao 100% a realización das prácticas. O alumnado entregará as actividades propostas para cada metodoloxía en tempo e forma. Oportunidade adiantada de avaliación: O alumnado que se atope nos supostos recollidos na normativa de xestión académica da UDC disporá desta opción para superar a materia mediante unha proba escrita e proba práctica de características similares á recollida no proceso de avaliación que terá, nesta oportunidade, un peso do 100% da cualificación final (proba de estudo de casos 25%, proba mixta 75%), o alumnado que acceda a esta modalidade deberá ter cursado as prácticas da materia nos 2 cursos anteriores. PLAXIO: Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

Fontes de información



Bibliografía básica	. DIMEGLIO (1999). ORTOPEDIA INFANTIL COTIDIANA. Barcelona: Masson Tachdjian (1999). Ortopedia Clinica Pediatría. Madrid: Panamericana Drenann (2010). The child's Foot & Ankle. Philadelphia: Wolters Kluwer Minguella (2003). Malformaciones del Pie. Barcelona: Masson Thomson & Volpe (2001). Introduction to podopediatrics. London: Churchill livingstone Angela M Evans (2010). The Pocket Podiatry Guide. Paediatrics. London: Churchill Livingstone-Menz Hylton. "Foot Problems in older people". 1ª Edición. 2008. Churchill Livingston. Elsevier.- Herbaux Isabelle et al. "Podología Geriátrica". 1ª Edición. 2007. Ed. Paidotribo.- Banks Alan, et al. "McGlamry's comprehensive textbook of foot and ankle surgery". Philadelphia: Lippincott Williams & Wilkins 2001.- Munuera Martínez P. "El primer radio: biomecánica y ortopodología". Santander. Ed Exa. 2009.- Harrison. "Principios de Medicina Interna". 17ª Edición. 2009. Ed. Mc Graw-Hill Interamericana Editores.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía xeral/750G02103
Anatomía específica do membro inferior/750G02104
Patoloxía Podolóxica I/750G02119
Biomecánica do Membro Inferior/750G02111
Patoloxía Xeral Aplicada en Podoloxía /750G02102
Podoloxía xeral /750G02110
Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico/750G02108

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Ortopodoloxía Clínica/750G02118

Materias que continúan o temario

Prácticum I/750G02134
Podoloxía Deportiva/750G02123

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías